



MEMORIA DE ACTIVIDADES CURSO 2012-2013

Consello Escolar de Galicia

XUNTA DE GALICIA

Índice

Consello Escolar de Galicia

ÍNDICE

1.- Limiar	05
2.- Composición do Consello Escolar de Galicia.....	07
3.- Actividade do Consello Escolar	
3.-1 Sesións plenarias.....	14
3.2 Asistencias ás sesións do pleno.....	18
3.3 Comisións permanentes.....	20
3.4 Asistencias ás sesións da comisión permanente.....	27
3.5 Aprobación da memoria de actividades do curso	
2010-2011.....	28
4.- Competencias do Consello Escolar e do seu presidente.....	29
5.- Ditames elaborados	32
6.- Participación en actos, congresos , reunións	37
7.- Resumo económico	40

Limiar

1

LIMIAR

O Consello Escolar de Galicia, coma órgano superior de consulta e de participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino, publica esta Memoria do curso escolar 2012/2013 para dar conta das actividades desenvolvidas no seu seo a través de distintas sesións en Pleno e Comisión Permanente, especialmente na elaboración de ditames sobre textos legais, na presentación de propostas e na organización de actividades abertas á comunidade educativa en xeral.

Composición do Consello Escolar

2

COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

Presidente:

Jesús Vázquez Abad (Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria)

Vicepresidente:

Fernando del Pozo Andrés (Administración Educativa)

Representantes de:

Profesores do Ensino Público:

Consuelo Campos Acedo (CIG)
Odilo Barreiro Martínez (CIG)
Víctor Manuel Rodríguez Gesto (CCOO)
José Raúl Gómez Farto (FETE – UGT)
Manuel Astariz Castro (ANPE GALICIA)

Profesores do Ensino Privado

Xosé Marcial Comesaña Figueiras (CCOO)
Armindo Francisco Mera (FSIE – GALICIA)
Gerardo Moreno Díaz (FETE – UGT)

Nais e Pais de Alumnos

Sara Inés Vega Núñez (CONFAPA)
Virgilio Gantes Gómez (CONFAPA)
Elvira Lombao Vila (CONFAPA)
María Inés Gómez Otero (CONGAPA)
María Paz García Fernández de Bescansa (CONGAPA)

Alumnos:

Vacante

Persoal de Administración e Servizos:

Eduardo Freire Bargados (CIG)
Ángeles Vilarnovo Cova (UGT)

Titulares de Centros Privados:

José Antonio Moar Armas (Federación de Centros de Ensino Privado)
Xosé Francisco Martínez Reboiras (Federación de Centros de Educación e Xestión)

Centrais Sindicais:

José Manuel Fuentes Fariña (CCOO)
Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez (CIG)
Marcelino Brea Mella (UGT)

Organizacións Empresariais:

José Luis Liñares Louzao (Confederación de Empresarios de Galicia)

Joaquín Pereira Somoza (Confederación de Empresarios de Galicia)

Profesores propostos polos Movementos de Renovación Pedagóxica:

David Mazaira Fernández (Federación Galega de MRPs)

Mercedes Espiño Amil (Coordinadora Galega de MRPs)

Xosé Ramos Rodríguez (Coordinadora Galega de MRPs)

Administración Educativa:

José Luis Mira Lema

José Manuel Pinal Rodríguez

Jesús Oitavén Barcala

Valentín García Gómez

Manuel Corredoira López

Fernando del Pozo Andrés

Administración Local:

Juan José Díaz Valiño

Mercedes Rosón Ferreiro

Arturo Díaz Díaz

Ana María Garrido Rodríguez

José Manuel Domínguez Freitas

Francisco A. Veiga Romero

Manuel Taboada Vigo

María Socorro Cea Vázquez

Universidade:

Agustín Requejo Osorio

Antonio Vara Coomonte

Personalidades de Recoñecido Prestixio

Venancio Graña Martínez

Daniel Barata Quintas

Seminario de Estudos Galegos

Antón Costa Rico

Consello da Xuventude de Galicia

Pedro García Puig

Secretario

José Alejo Losada Aldrey

Por Orde do 9 de xaneiro de 2006 (DOG do 27 de xaneiro de 2006), o Presidente delega as súas funcións no Vicepresidente.

Baixas e altas de membros no Consello:

No curso 2012-2013 tivo lugar a substitución dos membros do consello que se indica :

Publicada no DOG do 26 de setembro de 2012:

Baixa	Alta
María Inés Gómez Otero	Jorge Javier Villarino Rodríguez-Rey
José Luis Mira Lema	María del Carmen Cimadevila Cea

Publicada no DOG do 21 de decembro de 2012:

Baixa	Alta
Virgilio Gantes Gómez	Helena Gómez Vecino

Renovación por metades publicada no DOG do 4 de xuño de 2013:

Baixa	Alta
Víctor Manuel Rodríguez Gesto	María Luz López Pérez
Odilo Barreiro Martínez	Xesús Fernández Rivas
Xosé Marcial Comesaña Figueiras	Purificación Bernárdez Álvarez
Eduardo Freire Bragados	Vacante
Joaquín Pereira Somoza	José Álvarez Carpintero
Juan José Díaz Valiño	María Pilar López García
Ana María Garrido Rodríguez	José Antonio Vigo Lago
José Manuel Domínguez Freitas	Miguel Domínguez Alfonso
Manuel Taboada Vigo	José González Barcia
Arturo Díaz Díaz	Olga Alonso Suárez
Mercedes Rosón Ferreiro	César Longo Queijo
Francisco A. Veiga Romero	Francisco Magide Bizarro
María Socorro Cea Vázquez	Manuel Luis Álvarez Angueira
Agustín Requejo Osorio	María Pilar Jiménez Aleixandre

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE

Presidente:

Fernando del Pozo Andrés

Vogais:

Raúl Gómez Farto

José Antonio Moar Armas

Virgilio Gantes Gómez

Daniel Barata Quintas

Mercedes Rosón Ferreiro

Secretario:

José Alejo Losada Aldrey

A partir da súa substitución como membro do Consello Escolar de Galicia don Virgilio Gantes Gómez cesa como membro na Comisión Permanente sendo substituído por dona Helena Gómez Vecino.

Actividade do Consello Escolar

3

ACTIVIDADE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

Durante o curso 2012-2013 que, segundo o calendario escolar, abarca dende o día 1 de setembro de 2012 ata o día 31 de agosto de 2013 o Consello Escolar de Galicia realizou a seguinte actividade:

- Sesións plenarias.
- Comisións permanentes.
- Aprobación da memoria de actividades do curso 2012-2013.

3.1 SESIÓNS PLENARIAS

O Pleno do Consello Escolar de Galicia reuniuse durante o curso 2012-2013 en dúas ocasións nas seguintes datas:

SESIÓNS DO PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

21 de febreiro de 2013

17 de abril de 2013

1	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	21 de febreiro de 2013	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18'50	Asistentes	21 de 46 (45,6%)

ORDE DO DÍA

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

2.- Informe da presidencia:

- Cesamentos e nomeamentos no Consello Escolar de Galicia.
- Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado
- Tramitación do informe e ditame do proxecto de Lei LOMCE no Consello Escolar do Estado

3.- Aprobación da Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia do curso 2011-2012.

4.- Ditame sobre os trece (13) proxectos de decretos polos que se establecen os currículos dos títulos de formación profesional:

1. Técnico superior en produción de audiovisuais e espectáculos.
2. Técnico superior en realización de proxectos de audiovisuais e espectáculos.
3. Técnico superior en animación en 3D, xogos e contornos interactivos.
4. Técnico superior en iluminación, captación e tratamento de imaxe.
5. Técnico en mantemento electromecánico.
6. Técnico superior en mecatrónica industrial.
7. Técnico en mantemento electrónico.
8. Técnico superior en automatización e robótica industrial.
9. Técnico superior en transporte marítimo e pesca de altura.
10. Técnico en construción.
11. Técnico en obras de interior, decoración e rehabilitación.
12. Técnico superior en estilismo e dirección de peiteado.
13. Técnico superior en programación da produción en moldeamento de metais e polímeros.

5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba.

O Sr. Vicepresidente dá conta da substitución de tres membros do Consello Escolar de Galicia. Agradece aos membros que cesan a actividade que desenvolveron neste órgano e dálle a benvida aos tres conselleiros entrantes desexándolles que o seu traballo neste órgano de participación sexa proveitoso e fructífero para o Consello e enriquecedor para eles.

Informa tamén que os días 25, 26 e 27 de outubro de 2012 celebrouse en Logroño o XXI Encontro dos consellos escolares autonómicos e do Estado no que se culminou dun xeito

organizado a reflexión sistemática sobre o profesorado do século XXI que viña desenvolvéndose dende a finalización do XX Encontro en maio de 2010. Trátase de ofrecer á Comunidade Educativa algunhas orientacións e recomendacións de carácter xeral coa finalidade de mellorar a competencia profesional do profesorado como un instrumento decisivo para a mellora da calidade dos sistemas de educación e de formación. O documento final, titulado o Profesorado o século XXI coas conclusións e propostas de mellora está publicado no Portal Educativo da Consellería de Educación no espazo correspondente ao Consello Escolar de Galicia.

A continuación informa sobre a non procedencia da emisión dun ditame sobre a LOMCE por parte do Consello Escolar de Galicia. Indica que foi emitido ditame polo Consello Escolar do Estado, como lle corresponde, e resume o debate sobre o tema que tivo lugar nas sesións do Pleno do Consello Escolar do Estado, ás que asistiu, e no seno da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos, ás que tamén asistiu. Finalmente informa que esta Xunta de Participación emitiu senllos informes que foron anexionados ao ditame do Consello Escolar do Estado.

Trátase a continuación a aprobación da memoria de actividades do curso 2011-2012. Nela recóllese a composición do Consello, a actividade realizada durante o curso: as sesións plenarias e as comisións permanentes, a asistencia ás mesmas, as competencias do Consello e do seu presidente, os ditames elaborados así como a participación en actos, congresos e reunións. Inclúe tamén un resumo económico.

A continuación trátase o ditame sobre os trece proxectos de decreto que figuran no punto cuarto da orde do día. O Sr. Vicepresidente informa que se presentaron 26 emendas, 5 de CCOO, 9 de CIG, 5 de CECE e 7 de UGT. Apróbase o ditame elaborado pola comisión permanente coa inclusión dunha nova emenda aprobada nesta sesión.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

2

PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

Data	17 de abril de 2013	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18	Asistentes	32 de 46 (69,5%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería que ostenta as competencias en materia de educación.
- 3.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non habendo observacións apróbbase a acta por unanimidade.

O segundo punto da orde do día iníciase cun debate por terse introducido algúns cambios no articulado do proxecto de decreto. Logo do mesmo o Sr. Vicepresidente informa que se presentaron 84 emendas das que 25 corresponden a emendas de adición, 29 a emendas de substitución, 23 de supresión e 7 emendas á totalidade. Prodúcese outro debate sobre o procedemento a seguir na tramitación das emendas á totalidade informando o Sr. Vicepresidente que de acordo co regulamento de réxime interior votaranse as emendas unha por unha. Se prospera a primeira emenda xa decaen as demais. Se non prospera a primeira emenda vótase a segunda. Se esta segunda emenda prospera decaen as seguintes. Se non prospera a segunda votaríase a terceira e así sucesivamente. A continuación procédese a votar a primeira emenda á totalidade que é aprobada polo que decaen as demais rematando así o debate.

Presentouse un rogo.

3.2 Asistencia ás sesións de Pleno:

	21/02/13	17/04/13	Total
Astariz Castro, Manuel	-	A	1
Barata Quintas, Daniel	A	A	2
Barreiro Martínez, Odilo	-	A	1
Brea Mella, Marcelino	-	A	1
Campos Acedo, Consuelo	A	A	2
Cea Vázquez, M ^a Socorro	-	-	0
Cimadevila Cea, María del Carmen	A	A	2
Comesaña Figueiras, Xosé Marcial	-	-	0
Corredoira López, Manuel	A	A	2
Costa Rico, Antón	-	A	1
Díaz Díaz, Arturo	-	-	0
Díaz Valiño, Juan José	-	-	0
Domínguez Freitas, José Manuel	-	-	0
Espiño Amil, Mercedes	A	A	2
Francisco Mera, Armino	A	A	2
Freire Bargados, Eduardo	A	A	2
Fuentes Fariña, José Manuel	A	A	2
García Fernández de Bescansa, M ^a Paz	A	A	2
García Gómez, Valentín	A	A	2
García Puig, Pedro	-	-	0
Garrido Rodríguez, Ana María	-	A	1
Gómez Farto, Raúl	A	A	2
Gómez Vecino, Helena	-	A	1
Graña Martínez, Venancio	-	-	0
Liñares Louzao, José Luis	-	A	1
Lombao Vila, Elvira	-	A	1
Losada Aldrey, José Alejo	A	A	2
Louzao Rodríguez, Xesús Anxo	A	A	2
Martínez Reboiras, José Francisco	A	A	2
Mazaira Fernández, David	-	-	0
Moar Armas, José Antonio	-	A	1
Morano Díaz, Gerardo	A	A	2
Oitavén Barcala, Jesús	-	A	1
Pereira Somoza, Joaquín	-	-	0
Pinal Rodríguez, José Manuel	A	A	2
Pozo Andrés, Fernando del	A	A	2
Ramos Rodríguez, Xosé	A	A	2
Requejo Osorio, Agustín	-	-	0
Rodríguez Gesto, Víctor Manuel	A	A	2
Rosón Ferreiro, Mercedes	-	A	1
Taboada Vigo, Manuel	-	-	0
Vara Coomonte, Antonio	A	-	1
Vega Núñez, Sara Inés	-	A	1
Veiga Romero, Francisco A.	-	-	0
Villarino Rodríguez-Rey, Jorge Javier	A	A	2
Villarnovo Cova, Ángeles	-	-	0
Total	21	32	53

Asistencia ás sesións de pleno por colectivos:

Os representantes dos colectivos que se indica asistiron ás reunións do pleno do Consello Escolar de Galicia na porcentaxe que para cada colectivo se indica.

Profesores do Ensino Público:	80,00%
Profesores do Ensino Privado:	66,60%
Pais e Nais de Alumnos:	70,00%
Persoal de Administración e Servizos	00,00%
Titulares de Centros Privados	75,00%
Centrais Sindicais	83,30%
Organizacións Empresariais	25,00%
Profesores propostos polos MRPs	66,60%
Administración Educativa	91,60%
Administración Local	12,50%
Universidade	25,00%
Personalidades de Recoñecido Prestixio:	50,00%
Seminario de Estudos Galegos	50,00%
Consello da Xuventude de Galicia	00,00%

O conxunto dos membros do Consello asistiu a un total do 55,68% das sesións convocadas.

3.3 **COMISIONS PERMANENTES**

A Comisión Permanente do Consello Escolar de Galicia reuniuse durante o curso 2012-2013 en dez ocasións nas seguintes datas:

REUNIÓN DA COMUSIÓN PERMANENTE

26 de setembro de 2012

4 de decembro de 2012

7 de febreiro de 2013

8 de abril de 2013

28 de maio de 2013

18 de xunio de 2013

1	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	26 de setembro de 2012	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,30	Asistentes	7 de 7 (100%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Aspectos organizativos dos XXI Encontros de Consellos Autonómicos e do Estado.
- 3.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

Antes de comezar con este punto da orde do día o Sr. Vicepresidente comenta que o informe sobre as linguas estranxeiras na Comunidade Autónoma de Galicia está listo para a súa edición.

Tamén comenta que no día de hoxe publicouse no DOG o decreto polo que se cesa a D. José Luis Mira Lema e a D^a María Inés Gómez Otero, e se nomea a D^a María del Carmen Cimadevila Cea e D. Jorge Javier Villarino Rey. Aos dous saíntes agradéceselle o servizo prestado a este Consello e aos dous entrantes deséxaselles que o seu traballo sexa proveitoso para eles e para esta institución. Na vindeira reunión do Pleno informarase destes cambios.

En relación cos encontros, o Sr. Vicepresidente fai entrega do borrador do programa previsto para os días 25, 26 e 27 de outubro, e comenta con detalle como está previsto que se desenvolvan. Aproveita para comentar un cambio da conferencia do primeiro día, que se cambia pola conferencia do segundo día.

O Sr. Vicepresidente reparte o cuestionario sobre a avaliación dos encontros que se vai a pasar a todos os asistentes. Pide que se estude e se hai algunha achega ou suxestión que se envíe ao correo electrónico do Consello.

Comenta tamén o Sr. Vicepresidentes que a Xunta de Participación ten que emitir un informe sobre o borrador da lei orgánica para a mellora da calidade educativa e que, este, terá que acompañar o ditame que emita o Consello Escolar do Estado. Aproveita para pedir aos membros da comisión permanente calquera suxestión en relación co anteproxecto. Estas suxestión levaranse a unha das comisión previstas na que ten participación este Consello a través do seu vicepresidente.

Preséntase un rogo solicitando a promoción das eleccións aos consellos escolares dos centros. Acéptase.

2	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	4 de decembro de 2012	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18 horas	Asistentes	7 de 7 (100%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia. Curso 2011-2012.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Logo dunha observación apróbase a acta por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa da reunión que tivo a Xunta de Participación sobre a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE). A Xunta de Participación ten que facer un informe das leis que se debaten no Consello Escolar do Estado. Ten que ser un texto consensuado. Constituíuse unha comisión de 12 membros, que posteriormente se subdividiu en tres subcomisións. Despois de reunións das subcomisións e comisión chegouse a un texto que foi aprobado na reunión da Xunta de Presidentes do día 29 de outubro de 2012.

O texto aprobado foi incorporado como anexo ao ditame que elaborou o Consello Escolar do Estado. Ten sete apartados: a busca dun consenso básico, a simplificación e a clarificación do currículo, a flexibilidade dos itinerarios, as avaliacións no sistema educativo, o impulso da formación profesional, a autonomía dos centros como factor de calidade e o ámbito competencial dos consellos escolares de centros.

Informa así mesmo sobre a organización da XXII Encontro de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado que terá lugar en Asturias en maio 2014.

En relación coa Memoria de actividades do curso 2011-2012 informa que foi elaborada ao igual que nos anos anteriores e que ten en consecuencia o mesmo formato.

Non se presentaron rogos nin preguntas

3	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	7 de febreiro de 2013	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	De 16,30 a 18	Asistentes	7 de 7 (100%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia. Curso 2011-2012.
- 4.- Ditame para os 13 proxectos de decretos polos que se establecen os currículos de novos títulos de formación profesional.
- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa das substitucións que se produciron de membros do consello publicadas no DOG de 21 de decembro de 2012. Ao conselleiro saínte agradéceselle o servizo prestado a este Consello e á entrante deséxalle que o seu traballo sexa proveitoso para ela e para esta institución. Na vindeira reunión do Pleno informárase deste cambio.

Informa tamén que a publicación do informe do Consello Escolar fíxose en decembro e durante ese mes e principios de xaneiro estivo facéndose a distribución a membros do pleno, centros educativos, concellos, consellos escolares autonómicos, bibliotecas e outras institucións e organismos.

Así mesmo informa que a finais de outubro a Xunta de Participación Autonómica fixo o informe consensuado sobre o anteproxecto de lei LOMCE e envioullo ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD) como é perceptivo. Posteriormente o MECD enviou un novo anteproxecto ao Consello Escolar do Estado e tivo que facerse un novo informe. Nesta ocasión non houbo informe consensuado e enviouse un escrito de consenso no que se informaba de tal situación.

Finalmente informa que se continúa coa idea de que o Encontro de consellos escolares autonómicos e do Estado se celebre en Asturias en maio de 2014 sendo o tema elixido "Metodoloxías educativas para o éxito escolar".

Revísase o texto da Memoria de Actividades de Consello Escolar de Galicia do curso 2011-2012 e acórdase tramitala ao pleno para a súa aprobación.

En relación cos trece proxectos de decreto presentáronse 26 emendas, 5 de CCOO, 9 de CIG, 5 de CECE e 7 de UGT. Debátense as emendas aos distintos decretos e ao remate da sesión elabórase un ditame provisorio que se acorda elevar ao Pleno para a súa consideración

Presentouse un rogo.

4	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	8 de abril de 2013	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19	Asistentes	7 de 7 (100%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre o Decreto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería que obستا as competencias en materia de educación.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa que se confirma que os Encontros de consellos escolares autonómicos e do Estado se celebrarán en Asturias en maio de 2014. O tema é: "Metodoloxías para o éxito escolar". Cómpre seleccionar un centro de éxito escolar para que participe nunha mesa redonda durante o Encontro.

En relación co proxecto de Decreto polo que se regulan os comedores escolares comunica que se presentaron 82 emendas, 7 á totalidade, 23 de adición, 29 de substitución e 23 de supresión. Moitas das emendas presentadas, que son feitas ao articulado do proxecto de decreto, son feitas coa idea de modificar o texto de non prosperar a emenda á totalidade. Debátense as emendas e ao remate da sesión elabórase un ditame que se acorda elevar ao Pleno para a súa consideración.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

5	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	28 de maio de 2013	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19	Asistentes	7 de 7 (100%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Ditame sobre a perda ou demérito que se produce na carreira docente para unha funcionaria docente ao non poder desempeñar un cargo representativo no consello escolar do seu centro (achégase procedemento abreviado do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo).
- 3.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa sobre requirimento do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo que, considerando ao Consello como poseedor dun saber especializado, nos demanda que fagamos un ditame sobre a perda ou demérito para unha funcionaria docente ao non poder desempeñar un cargo representativo no consello escolar do seu centro.

Debateuse amplamente sobre o enfoque do ditame a elaborar. Finalmente centrouse no que solicita o xuíz: “a perda ou demérito que se produce na carreira profesional...” Estudouse a diferente normativa para ver que méritos son atribuíbles á situación de pertencer ao consello escolar de centro e vemos que en ningunha convocatoria se propón como mérito baremable tal situación polo que a conclusión é que non se produce demérito.

Ao final apróbase un ditame provisorio e acórdase remitilo ao Pleno para a súa consideración a través dun procedemento de consulta mediante o correo electrónico e aprobación final por parte da Comisión Permanente con invitación a esa sesión, se fose preciso, dalgún membro que o solicitase. Todo iso coa intención de aprobar o ditame e poderllo enviar ao xulgado dentro do mes de xuño.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

6	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	18 de xuño de 201	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18	Asistentes	5 de 7 (71,43%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Aprobación do ditame sobre a perda ou demérito que se produce na carreira docente para un/unha funcionario/a docente ao non poder desempeñar un cargo representativo no consello escolar do seu centro.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa que no DOG do 4 de xuño publicouse a renovación por metades dos membros do Consello Escolar, que este proceso se realiza cada dous anos. Cesa un determinado número de membros e algúns repiten. Agradécelles aos que cesan o seu traballo a prol deste Consello e aos nomeados dálles a benvida e deséxalles que o seu traballo sexa proveitoso para este órgano e enriquecedor para eles.

En relación co Encontro de Consellos Escolares comenta o Sr. Vicepresidente que xa se empezaron a subir documentos de base documental no espazo web que foi creado na páxina do Consello Escolar do Estado. Que se confirma que será en Asturias e que se celebrará en Oviedo e en Avilés.

Comenta tamén que a Xunta de Presidentes Autonómicos promove un estudo sobre a participación. Con tal motivo, a través do Consello Escolar do Estado, solicitaron información sobre as eleccións a consellos escolares de centros de dous cursos, o do curso pasado e do anterior.

En relación co ditame sobre a perda ou demérito que se produce na carreira docente para un/unha funcionario/a docente ao non poder desempeñar un cargo representativo no consello escolar do seu centro comenta o Sr. Vicepresidente que se enviou un escrito a todos os membros do consello dándolles a posibilidade de que fixeran as observacións que estimasen oportunas. Non houbo ningunha observación polo que se acorda dar por aprobado o ditame e enviarllo ao Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

3.4 ASISTENCIA ÁS SESIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE

Asistencia ás sesión da Comisión Permanente								Total
	Fernando del Pozo Andrés	Alejo Losada Aldrey	Raúl Gómez Farto	José A. Moar Armas	Virgilio Gantes Gómez/ Helena Gómez Vecino	Daniel Barata Quintas	Mercedes Rosón Ferreiro	
26/09/12	A	A	A	A	A	A	A	7
04/12/12	A	A	A	A	A	A	A	7
07/02/13	A	A	A	A	A	A	A	7
08/04/13	A	A	A	A	A	A	A	7
28/05/13	A	A	A	A	A	A	A	7
18/06/13	A	A	A	A	-	A	-	5
Total	6	6	6	6	5	6	5	40

3.5 **APROBACIÓN DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA DO CURSO 2011-2012.**

Na sesión do pleno do Consello Escolar de Galicia, celebrada o día 21 de febreiro de 2013, aprobouse a Memoria de Actividades do Consello Escolar de Galicia correspondente ao curso 2011-2012.

Competencias do Consello Escolar e do seu presidente

4

COMPETENCIAS DO CONSELLO ESCOLAR E DO SEU PRESIDENTE

O artigo 9 da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia, establece cales son as funcións do Consello Escolar de Galicia:

1. O Consello Escolar de Galicia será consultado preceptivamente, dentro do ámbito das súas competencias, sobre as seguintes cuestións:

a) Anteproxectos de lei e proxectos de disposicións xerais de ámbito educativo que haxan de ser sometidos á aprobación do Consello da Xunta de Galicia.

b) Programación xeral do ensino, especialmente nos aspectos relativos á creación e distribución territorial dos centros docentes dos niveis educativos non universitarios.

c) Creación de centros docentes de carácter experimental de réxime especial.

d) Normas xerais verbo das construcións e equipamentos escolares.

e) Plan de renovación educativa ou aqueloutros de innovacións.

f) Orientación e programas educativos.

g) Disposición e actuacións xerais encamiñadas a mellora-la calidade do ensino e a súa adecuación á realidade social e cultural galega, así como aquelas accións destinadas a compensa-las desigualdades e as eivas sociais, territoriais ou individuais da poboación que hai que escolarizar.

h) Criterios xerais para financiamento dos centros públicos e para a concertación dos privados, dentro do marco competencial xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Bases xerais que inspiren a política de bolsas e axudas ó estudio de conformidade coas competencias da Comunidade Autónoma.

l) Convenios entre Administracións Públicas.

2. O Consello Escolar de Galicia poderá formularlle á Consellería de Educación propostas sobre os asuntos relacionados nos apartados anteriores deste artigo, ou sobre calquera outro concernente á mellora da calidade do ensino.

3. A Consellería de Educación poderá someter á consideración do Consello cantas cuestións estime pertinentes aínda que non figuren no apartado 1 do presente artigo.

O artigo 3º.a do Regulamento de Réxime Interno aprobado polo Decreto 87/1992, de 26 de marzo establece que corresponde á Presidencia do Consello representar ao Consello e dirixir a súa actividade

De acordo co establecido nos puntos 1 e 3 do anterior artigo 9, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria remitiu ao Consello Escolar de Galicia para o seu ditame 14 proxectos de decreto durante o curso 2012-2013.

Estes proxectos son os seguintes:

1º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico Superior en produción de audiovisuais e espectáculos.

2º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico Superior en realización de proxectos de audiovisuais e espectáculos.

3º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico Superior en animación en 3D, xogos e contornos interactivos.

4º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico Superior iluminación, captación e tratamento da imaxe.

5º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico en mantemento electromecánico.

6º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico mecatrónica industrial.

7º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico en mantemento electrónico.

8º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico Superior en automatización e robótica industrial.

9º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en transporte marítimo e pesca de altura.

10º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico en construción.

11º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico en obras de interior, decoración e rerhabilitación.

12º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en estilismo e dirección de peiteado.

13º.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en programación da produción en moldeamento de metais e polímeros.

14º.-Proxecto de decreto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería que ostenta as competencias en materia de educación.

Ditames elaborados

5

DITAMES ELABORADOS NO CURSO 2012-2013

Foron realizados 3 ditames.

Un de forma conxunta para 13 proxectos de decreto e dous de forma singular.

Ditame elaborado de forma conxunta para 13 proxectos de decreto:

DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:

Técnico superior en produción de audiovisuais e espectáculos.

Técnico superior en realización de proxectos de audiovisuais e espectáculos.

Técnico superior en animación en 3D, xogos e contornos interactivos.

Técnico superior en iluminación, captación e tratamento de imaxe.

Técnico en mantemento electromecánico.

Técnico superior en mecatrónica industrial.

Técnico en mantemento electrónico.

Técnico superior en automatización e robótica industrial.

Técnico superior en transporte marítimo e pesca de altura.

Técnico en construción.

Técnico en obras de interior, decoración e rehabilitación.

Técnico superior en estilismo e dirección de peiteado.

Técnico superior en programación da produción en moldeamento de metais e polímeros.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 21 de febreiro de 2013, emite o seguinte ditame en relación cos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao medio e superior de trece novos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.

- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que desdobre os grupos de formación profesional que superen os 20 alumnos e alumnas, sobre todo naqueles que resulten perigosos para o alumnado e profesorado, no tocante a manexo de produtos ou aparellos de risco. Nesta rateo debe contar o alumnado repetidor.
- Para todos os decretos proponse que no artigo 11.5 se inclúa o texto en negra: “A cantidade e as características dos equipamentos que se inclúen en cada espazo deberá estar en función do número de alumnos e alumnas **non**

superior a 20, e han ser os necesarios e suficientes para garantir a calidade do ensino e a adquisición dos resultados de aprendizaxe”.

- Así mesmo, recoméndalle que se adopten as medidas adecuadas para adaptar os centros e equipamentos á posta en marcha dos títulos de formación profesional que emanan da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Para todos os decretos proponse a inclusión dunha disposición transitoria segunda co seguinte texto: **“A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria contemplará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación destes novos currículos”**.
- Por último, propón un texto de substitución para o artigo 13º dos proxectos de decreto de ciclos formativos de grao superior. O texto quedaría como segue: **“Terá preferencia para acceder a este ciclo formativo o alumnado que cursara a modalidade de bacharelato de ciencias e tecnoloxía, o bacharelato científico ou o bacharelato tecnolóxico”**.

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN OS COMEDORES ESCOLARES DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS NON UNIVERSITARIOS DEPENDENTE DA CONSELLERÍA QUE OSTENTA AS COMPETENCIAS EN MATERIA DE EDUCACIÓN.

O día 17 de abril de 2013, reuniuse o Pleno do Consello Escolar de Galicia para debater o proxecto de decreto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería que ostenta as competencias en materia de educación.

Nesa sesión someteuse a votación a emenda presentada por UGT, que a teor literal di o seguinte: “O Consello Escolar de Galicia acorda presentar informe alternativo ou emenda á totalidade de devolución á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que dea cumprimento ao especificado nas liñas da 26 á 28: “presentouse para coñecemento e avaliación de órganos sectoriais educativos, tales como a Xunta Autonómica de Directores, a Mesa Sectorial Docente Non Universitaria”. Este Consello Escolar entende que debería pasar á negociación na Mesa Sectorial e logo emitir ditame”.

As organizacións Coordinadora Galega de MRP, CIG, CCOO e Seminario de Estudos Galegos manifestaron que votarían a favor da devandita emenda en base ás xustificacións recollidas nas súas respectivas emendas á totalidade.

Como consecuencia do resultado da votación, favorable á emenda á totalidade, o Consello Escolar de Galicia acorda devolver o proxecto de decreto á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que dea cumprimento ao demandado na dita emenda á totalidade.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2013

DITAME SOBRE A PERDA OU DEMÉRITO QUE SE PRODUCE NA CARREIRA DOCENTE PARA UN/UNHA FUNCIONARIO/A DOCENTE AO NON PODER DESEMPEÑAR UN CARGO REPRESENTATIVO NO CONSELLO ESCOLAR DO SEU CENTRO

A Comisión Permanente do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 18 de xuño de 2013, emite o seguinte ditame sobre a perda ou demérito que se produce na carreira docente para un/unha funcionario/a docente ao non poder desempeñar un cargo representativo no consello escolar do seu centro.

O Consello Escolar de Galicia, analizada a normativa en vigor, considera que no momento actual non se produce perda ou demérito na carreira docente dos funcionarios do corpo de profesores de educación secundaria ao non poder desempeñar un cargo representativo no consello escolar do seu centro.

Participación en actos, congresos, reunións

5

REPRESENTACIÓN NOS SEGUINTEs EVENTOS:

De acordo co establecido no artigo 3º.a do Regulamento de Réxime Interno o vicepresidente do Consello Escolar de Galicia representou a este Consello asistindo e participando nos actos e reunións que a continuación se sinalan:

Asistencia ao acto Fórum Europa, Tribuna Galicia con don Carlos Negreira, Alcalde da Coruña, celebrado na Coruña o día 14 de setembro de 2012.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Madrid o día 19 de setembro de 2012.

Reunión do Pleno do Consello Escolar do Estado celebrada en Madrid o día 20 de setembro de 2012.

Asistencia á Ceremonia de Entrega dos Premios Nueva Economía Fórum celebrada en Madrid o día 2 de outubro de 2012.

Asistencia ao acto inaugural do XV Congreso da Unión de Cooperativas de Ensino de Traballo Asociado de Galicia celebrado en Sanxenxo (Pontevedra) o día 17 de outubro de 2012.

Reunión do Subgrupo de traballo da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Madrid o día 22 de outubro de 2012.

Asistencia á conferencia do Excmo. Sr. D. Marcelino Oreja Aguirre sobre “El Camino de Santiago, Camino de Europa” celebrada en Santiago de Compostela o día 24 de outubro de 2012.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Madrid o día 29 de outubro de 2013.

Reunión do Pleno do Consello Escolar do Estado celebrada en Madrid o día 30 de outubro de 2012.

Asistencia ao XII Diálogo de Educación organizado por COFAPA coa intervención de dona Montserrat Gomendio, Secretaria de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, celebrado en Madrid o día 27 de novembro de 2012.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Madrid o día 28 de novembro de 2012.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Madrid o día 23 de xaneiro de 2013.

Reunión do Pleno do Consello Escolar do Estado celebrada en Madrid o día 24 de xaneiro de 2013.

Asistencia ao acto Fórum Europa, Tribuna Galicia con don Jesús Vázquez Abad celebrado en Santiago de Compostela o día 15 de febreiro de 2013.

Asistencia ao XIII Diálogo de Educación organizado por COFAPA coa intervención de dona María José Catalá Verdet, Consellera de Educación, Cultura e Deporte da Generalitat Valenciana, celebrado en Madrid o día 12 de marzo de 2013.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Madrid o día 13 de marzo de 2013.

Asistencia ao XIV Diálogo de Educación organizado por COFAPA coa intervención de don Jesús Vázquez Abad, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, celebrado en Madrid o día 7 de xuño de 2013.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Palma os días 13 e 14 de xuño de 2013.

Así mesmo, o vicepresidente do Consello Escolar de Galicia e tres membros da Comisión Permanente participaron no XXI Encontro de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado celebrado en Logroño os días 25, 26 e 27 de outubro de 2012, encontro no que se aprobou o informe titulado "O profesorado do século XXI" que foi remitido ao Ministerio de Educación e ás Consellerías de Educación das Comunidades Autónomas para a súa consideración.

Neste informe os Consellos Escolares culminaron a reflexión sistemática que viñan desenvolvendo sobre o profesorado do século XXI. Ofrécense así ás Administracións, á Comunidade Educativa e á propia sociedade algunhas orientacións e recomendacións de carácter xeral que pretenden servir para promover a reflexión e aportar estabilidade ao sistema. O seu propósito é, en definitiva, servir de axudas aos necesarios procesos de mellora.

Resumo económico

7

RESUMO ECONÓMICO

Gastos facturados pola Oficina Técnica	Importe ano 2012
Mantemento xeral	2.742,53
Vixilancia e seguridade	18.636,19
Electricidade	142,88
Gasóleo	2.081,72
Limpeza	1.245,75
Auga	9.739,47
Suma Parcial	34.704,13

Reunións Comisións	
Comisións permanentes e outras Comisións	5.404,56
Plenos	8.901,71
Suma Parcial	14.306,27

Informes e Estudos	
Publicación de Informe sobre o estado e situación do sistema educativo	5.614,76
Publicación cartel eleccións consellos escolares	8.893,50
Suma Parcial	14.508,26

Gastos Xornadas Consellos Escolares	
Xornadas Anuais de Consellos Escolares de C.A. - Estado	1.418,62
Xornadas organizadas polo Consello	1.542,96
Suma Parcial	2.961,58

Retribución dietas	
Dietas	4.022,19
Suma Parcial	4.022,19

Outros gastos	
Fotocopiadora e fax	5.800,76
Augas e coffe breack	243,50
Material de oficina	180,00
Subscripción revistas	0,00
Correos	173,08
Teléfono	1.193,32
Outros	992,40
Suma Parcial	8.583,06

Suma total	79.085,49
-------------------------	------------------

